

O **Camiño Real** enlazaba **Mondoñedo**, capital do antigo Reino de Galicia, con **Ferrol**, coa súa historia escrita sobre auga, co porto pesqueiro, arsenal e estaleiro, tamén con subse de do Bisbado que as une. O camiño supoñía unha ruta comercial e sobre el téñense producido innumerables acontecementos dos que se conservan algúns na memoria da xente.

No seu percorrido polo **Concello de Xermade** cruza a **Serra da Carba**, que forma parte do LIC da **Serra do Xistral**, entrando por **Lousada** e saíndo na parroquia de **Roupar**, hacia **As Pontes**, **Espiñaredo**, **Ponte de Xubia** e **Ferrol**. Antes, saíndo de **Mondoñedo**, cruza **Abadín** por **Romariz**, **Labrada** e **Montouto** e **Vilalba** por **San Simón** e **Vilapedre**.

HISTORIAS NO CAMIÑO:

- **Casa da Neveira**: Edificio onde se recollía a neve da zona próxima, onde se pisaba de forma que se convertía en **xeo**. Este xeo conservábase durante o ano na casa e levábase para o **porto de Ferrol** polo camiño real, en cabalarías, pola noite, para conservalo mellor

- **Lagoa**: Lago natural que se forma polas elevadas precipitacións invernaís e a escasa drenaxe; sitúase na parte máis alta e chan.

- **Fraga da Lagoa**: Auténtico nicho ecolóxico onde se atopan carballos e acivros seculares con outra vexetación, que forma un manto no terreo de grande valor ambiental. Na súa cabeceira nace o **Río Trimaz**, uníndose a el outros regos que nacen na Serra da Carba. No seu cumio faciáanse as montarías ata o primeiro terzo do século XX e había un foxo do lobo.

- **Pepa a Loba**: Personaxe histórico, nado no norte de Pontevedra, sobre o que **Reigosa** escribiu unha novela da súa vida, veu parar á **Abelleira**, ó mercar un mesón situado no lugar do mesmo nome, cruce dos camiños Mondoñedo – Ferrol e Lugo – Viveiro, onde daba servizo ós camiñantes con comida e pousada e, segundo a lenda, proseguindo coa súa labor de **bandoleira**. Consérvase a casa que a albergou nestas terras.

- **Fornos**: Contan que lle quedou o nome de Fornos, pola existencia de fornos de pan que cocían con asiduidade para abastecer ós viaxantes do Camiño.

- **Capela do Campo**: Construída en tempos do **Conde Sánchez**, señor dunha parte de Roupar, por herdanza dos Condes de Amarante.

- **Cárcere de Roupar**: Consérvase un edificio antigo que era usado polo correxidor do Rei, en tempos do **Conde de Amarante**, como prisión. Próximo está o **Pozo do Cárcere**, que servía para abastecer ós ocupantes do edificio.

- **Capela de San Andrés de Teixido**: Donde se conta que o cura que a rexía levou o santo para o lugar que dende aquela se chamou **San Andrés de Teixido**, no **Concello de Cedeira**.



CONCELLO DE XERMADE

CAMIÑO REAL DA CARBA

MONDOÑEDO – FERROL


TREITO XERMADE

CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello s/n 27833. Xermade – Lugo
Telf. 982 501 001 / Fax. 982 501 027
e-mail: xermade@concellodexermade.com
www.concellodexermade.com

Teléfonos de interese:

Garda Civil: 062
Garda Civil Xermade: 982 50 10 18
Centro Médico: 982 50 11 34
Emerxencias: 112
Aviso en caso de incendio: 085



12,4 Km



1. Neveira e Fraga da Lagoa



2. Igrexa Santo André de Lousada



3. Abrevadeiro



4. Pousada de Pepa a Loba



5. Camiño entre balados



6. Capela do Campo



7. Escola Habaneira



8. Igrexa de San Pedro Fiz

